

## **Manifesto 8 de marzo *Día Internacional da Muller***

### **Fortalecer o feminismo para avanzar en igualdade**

O oito de marzo é unha data para conmemorar a todas as mulleres que loitaron e traballaron contra a eliminación das discriminacións de todo tipo.

Mais, neste oito de marzo, queremos reivindicar a defensa dos dereitos das mulleres, dereitos que están sendo atacados polo poder.

As mulleres nos fixemos visibles con reivindicacións específicas, o recoñecemento das mulleres atopámolo no feminismo, un xeito de entender, de vivir a vida.

O feminismo ten como obxectivo poñer fin ás desigualdades e temos que fortalecelo para avanzar.

Neste oito de marzo seguimos denunciando :

A precariedade laboral con maiores desequilibrios na contratación, na calidade do emprego, nos salarios, na desigualdade económica, na conciliación e coidados das e dos maiores.

Hai un grave retroceso coa igualdade a causa das políticas de recortes, os gobernos centrais e autonómicos non apostan polo compromiso.

Atopámonos coa pobreza en feminino que afecta ás mulleres directamente e provoca situacións de marxinación social. Non vivimos nunha sociedade igualitaria, mentres non cambien as estruturas sociais e políticas.

Nós, as mulleres, temos frontes abertos nas estruturas de poder.

- Atopámonos coa explotación e trata de mulleres e rapazas, unha forma vergoñosa e indigna de violencia contra nós e que segue sen resolver.
- Asistimos ó aumento da violencia machista que lonxe de diminuír aumenta en idades temperás. As agresións, abusos e acosos sexuais, as violencias en grupo.

Non se están a dar respostas ni medidas contundentes por parte dos gobernos. Estamos a ser agredidas e observamos que se está a despolitizar este tema.

A lei contra a violencia de xénero foi o resultado dunha loita do movemento de mulleres, do movemento feminista e o apoio dun goberno progresista.

*Rosa Cobo explica que " a violencia non só é facer, senón tamén non facer".*

A lei supuxo para as mulleres o marco adecuado e un avance na igualdade pero cos recortes cada vez maiores nos presupostos non se consegue mellorar a situación de milleiros de mulleres.

-Hai que facer programas específicos, políticas especiais, prevención para combater as violencias de xénero nas e nos rapaces.

- Hai que ensinar a detectar a violencia de xénero dende os seus comezos tendo en conta como son ás súas formas actuais a través das novas tecnoloxías, tics, o uso das redes. Hai que previr novos problemas axudando a tomar conciencia dos riscos con unha perspectiva integral e rexeitando todo tipo de violencia, non basta unha data anual, é necesario insertalo no currículo e nos plans de cada centro.

Neste oito de marzo as mulleres temos que seguir na loita unidas xa que se nos ataca día a día: nos medios de comunicación que non entenden que as mulleres non morren son asasinadas, non se está a tratar este tema dunha maneira rigorosa nin proporcionada a súa gravidade.

A violencia machista é a primeira causa de morte violenta en España. ***Os dereitos das mulleres están por enriba do espectáculo.***

Denunciamos a actuación desigual nas sentenzas xudiciais que non axudan e máis ben desprotéxenos.

Denunciamos as palabras cargadas de misoxinia de políticos machistas.

Máis nesta loita desigual xorden os movementos das mulleres a nivel mundial en contra das decisións dos gobernos que nos agreden promovendo leis retrógradas e prexudiciais para a igualdade.

Neste oito de marzo queremos avanzar en igualdade e solicitamos ós gobernos e administracións un maior apoio e compromiso con nós, as mulleres, para erradicar as discriminacións e violencias. As mulleres vamos a continuar na defensa dos nosos dereitos para acadar unha sociedade máis libre ,xusta e democrática.

Consello Municipal da Muller

Vigo 8 de marzo de 2017

